



## Cuestionario de autoavaliación para os traballadores e as traballadoras

### Unidade de competencia.

Montar e manter redes eléctricas aéreas de baixa tensión

**Código.**

UC0823\_2

**Nivel.**

2

### Cualificacións profesionais e títulos de formación profesional asociados á unidade de competencia.

#### Cualificación profesional.

Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión

**Código.**

ELE257\_2

**Nivel.**

2

#### Título de formación profesional.

Instalacións eléctricas e automáticas

**Código.**

MELE01

**Nivel.**

Grao medio

### Por favor, lea atentamente as instrucións seguintes.

Conteste a este cuestionario de xeito sincero. A información recollida nel ten carácter reservado, ao estar protexida polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O seu resultado servirá soamente de axuda, orientando en que medida posúe a competencia profesional da unidade de competencia.

Non se preocupe, con independencia do resultado desta autoavaliación, vostede ten dereito a participar no procedemento de avaliación, sempre que cumpra os requisitos da convocatoria.

A persoa candidata

O asesor ou a asesora

Sinatura: nome, apelidos e DNI

Sinatura: nome, apelidos e DNI



**Instrucións para cubrir o cuestionario.**

Cada actividade profesional principal (APP) componse de varias actividades profesionais secundarias (APS). Lea atentamente cada APP e a continuación as súas APS. En cada APS marque cunha cruz o indicador de autoavaliación que considere máis axustado ao seu grao de dominio das APS. Eses indicadores son os seguintes:

1. Non o sei facer.
2. Pódoo facer con axuda.
3. Pódoo facer sen precisar axuda.
4. Pódoo facer sen precisar axuda, e mesmo podería formar outro traballador ou traballadora.

**APP1 Preparar e facer a implantación de redes aéreas de baixa tensión, segundo especificacións do proxecto e o plan de traballo, conforme a normativa.**

Indicadores de autoavaliación  
1 2 3 4

- APS1.1 Realizar o abastecemento de materiais, segundo especificacións do proxecto e o plan de montaxe.
- APS1.2 Seleccionar as ferramentas e os medios necesarios, de acordo coas necesidades da montaxe.
- APS1.3 Facer a implantación a rede, a colocación de apoios, as dimensións de gabias e arquetas, e a colocación dos trades e dos ocos para os elementos de ancoraxe e suxeición, segundo as especificacións do proxecto


**APP2 Montar os apoios e os seus elementos asociados segundo especificacións do proxecto e o plan de traballo, conforme a normativa.**

Indicadores de autoavaliación  
1 2 3 4

- APS2.1 Montar os apoios e as armazóns, segundo as especificacións de fábrica.
- APS2.2 Montar as tomas de terra dos apoios, segundo a documentación do proxecto.
- APS2.3 Cementar ou formigonar os apoios e, de ser o caso, as ancoraxes, segundo as especificacións do proxecto.
- APS2.4 Izar o apoio, cos medios adecuados e aplicando as normas de seguridade.
- APS2.5 Suxeitar o apoio, cos medios adecuados e aplicando as normas de seguridade.
- APS2.6 Fixar os posteletes coas súas garras, os tubos, os soportes de feixe e os canlóns, mantendo as distancias e as medidas especificadas no proxecto e instalando adecuadamente o feixe.
- APS2.7 Realizar as medidas de seguridade de sinalización e de protección, segundo o procedemento establecido.


**APP3 Tender, tensar e conectar os condutores, segundo especificacións do proxecto e o plan de traballo, conforme a normativa.**

Indicadores de autoavaliación  
1 2 3 4

- APS3.1 Tender os condutores ou o feixe, sen que sufran danos.
- APS3.2 Preparar os condutores ou o feixe para o seu tensado, sen que sufran danos.
- APS3.3 Tensar os condutores sobre o condutor neutro e tendo en conta a largura da calzada, se hai cruces, e a frecha da catenaria.
- APS3.4 Grampar ou reter o neutro fiador ás ferraxes de suxeición, sen torsión do condutor e co feixe de condutores conforme un paso de cableamento uniforme.
- APS3.5 Fixar o feixe á fachada.
- APS3.6 Empalmar e conectar os condutores, utilizando os terminais e os manguitos de empalme preillados, as derivacións apropiadas, e as ferramentas e os equipamentos específicos.


**APP4 Efectuar as operacións de mantemento, segundo especificacións do proxecto e o plan de traballo, conforme a normativa.**

Indicadores de autoavaliación  
1 2 3 4

- APS4.1 Inspeccionar a rede e os seus compoñentes, revisando, anotando e avaliando o estado dos compoñentes da instalación.
- APS4.2 Comprobar o elemento intervido, segundo o parte de traballo.
- APS4.3 Efectuar os axustes e as comprobacións dos elementos intervidos, coa precisión requirida.
- APS4.4 Comprobar a avaría, co parte de avarías.
- APS4.5 Corrixir as anomalías dos compoñentes da instalación, segundo os procedementos dados para a montaxe.
- APS4.6 Verificar que o elemento intervido sexa idéntico ao avariado ou das mesmas características.
- APS4.7 Recoller a información necesaria no informe de reparación de avarías.




**APP4 Efectuar as operacións de mantemento, segundo especificacións do proxecto e o plan de traballo, conforme a normativa.**

Indicadores de autoavaliación

1	2	3	4
---	---	---	---

**APP5 Pór en servizo a rede, segundo especificacións do proxecto e o plan de traballo, conforme a normativa.**

Indicadores de autoavaliación

1	2	3	4
---	---	---	---

- APS5.1 Pór en servizo a rede, segundo os requisitos do proxecto e normas da compañía subministradora.
- APS5.2 Solicitar o descargo da rede ao centro de operación.
- APS5.3 Solicitar o restablecemento da rede ao centro de operación.
- APS5.4 Conectar a liña a outra rede para non interromper o servizo, de ser posible.
- APS5.5 Recoller a información necesaria no informe da posta en servizo da instalación.
- APS5.6 Comprobar a posta en servizo da instalación.
